



CUT, CGT e CNT SOLIDARIZÁMONOS COAS PERSOAS TRABALLADORAS DO SAF

As organizacións sindicais arriba referenciadas mostramos o noso rexeitamento e repulsa o pre-acordo asinado polas organizacións sindicais CCOO e UGT de proposta de convenio colectivo que empobrece aínda mais a nivel social i económico as persoas traballadoras do SAF, e mostramos a nosa implicación e apoio as xustas reivindicacións levadas a cabo polas traballadoras do SAF, as verdadeiras afectadas por esta nova traizón sindical.

11 anos tardouse en negociar o convenio colectivo, e agora non solo non se recupera o poder adquisitivo pasado, se non que, se hipoteca o seu futuro e o das súas familias afondando na precariedade que cada vez esta mais instalada neste sector, e por “ende” nas persoas traballadoras, dun sector claramente feminizado.

Un convenio ate 2026 cun incremento salarial do 1% por cada ano de vixencia, que a súa vez elimina o artigo da revisión salarial conforme ao IPC, e plántea unha dobre escala salarial que xera aínda mais precariedade para as persoas de nova incorporación.

Este atraco a clase traballadora, solo pode combaterse ca unidade de clase sen sectarismos e partidismos, baixo a única voz na defensa dos dereitos da clase traballadora.